

RESPIRAR A ARTE

SESIÓNS DE IOGA NO CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 25 de abril ao 30 de novembro de 2024

O obxectivo deste programa é fomentar e facilitar o diálogo entre o público e a arte contemporánea co ioga como ferramenta para a mediación.

Ao longo do ano levaremos a cabo unha serie de sesións de ioga que terán como marco as exposicións dos artistas Antón Lamazares, Priscilla Monge, Concha Jerez, José Iges e Mar Caldas. Recorreremos tamén ao espazo natural do parque de Bonaval, deseñado por Álvaro Siza Vieira en colaboración coa paisaxista galega Isabel Aguirre; á escultura de Eduardo Chillida *Porta da música*, instalada no mesmo parque, e á suxestiva arquitectura da cuberta do CGAC, coa peza permanente de Dan Graham *Triangular Pavilion* como referencia.

Cada clase será creada *ad hoc*, de xeito que a temática das secuencias de ioga e as *asanas* (posturas corporais) estarán directamente relacionadas coas pezas de arte, coa arquitectura ou coa paisaxe.

Cada *asana* posúe unha forma xeométrica e arquitectónica exacta. Trátase dunha linguaxe simbólica que tamén aparece moitas veces no mundo da arte. Esta actividade conxugará o simbolismo do ioga co simbolismo da arte e cos lugares a onde nos leva a súa contemplación.

Paula Toimil realizará unha visita comentada ás mostras e nutrirase de conceptos, formas, cores, dimensións, materia ou luz para trasladar estes parámetros ao nosos corpos e convidar o público a vivir física, emocional e espiritualmente a arte.

Levaremos a atención cara a dentro a través da respiración e das posturas procurando un exercicio de escoita persoal que nos permita tanto aprender da arte como coidar do noso interior.

PAULA TOIMIL (Lalín, Pontevedra, 1983) compaxina o seu traballo de educadora de museos co de profesora de ioga. Desde 2020 é membro do Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Visitante da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, no que leva desenvolvido proxectos didácticos para máis de vinte exposicións, así como para a arquitectura e os espazos verdes do Gaiás. É diplomada en Turismo pola UDC e mestra en Educación e Museos pola Universidade de Murcia. No eido do ioga, recibiu a súa



El objetivo de este programa es fomentar y facilitar el diálogo entre el público y el arte contemporáneo con el yoga como herramienta para la mediación.

A lo largo del año llevaremos a cabo una serie de sesiones de yoga que tendrán como marco las exposiciones de los artistas Antón Lamazares, Priscilla Monge, Concha Jerez, José Iges y Mar Caldas. Recorreremos también al espacio natural del parque de Bonaval, diseñado por Álvaro Siza Vieira en colaboración con la paisajista gallega Isabel Aguirre; a la escultura de Eduardo Chillida *Porta da música*, instalada en el mismo parque, y a la sugestiva arquitectura de la cubierta del CGAC, con la pieza permanente de Dan Graham *Triangular Pavilion* como referencia.

Cada clase será creada *ad hoc*, de manera que la temática de las secuencias de yoga y las *asanas* (posturas corporales) estarán directamente relacionadas con las piezas de arte, con la arquitectura o con el paisaje.

Cada *asana* posee una forma geométrica y arquitectónica exacta. Se trata de un lenguaje simbólico que también aparece muchas veces en el mundo del arte. Esta actividad conjuga el simbolismo del yoga con el simbolismo del arte y con los lugares adonde nos lleva su contemplación.

Paula Toimil realizará una visita comentada a las exposiciones y se nutrirá de conceptos, formas, colores, dimensiones, materia o luz para trasladar estos parámetros a nuestros cuerpos e invitar al público a vivir física, emocional y espiritualmente el arte.

Desplazaremos la atención hacia el interior a través de la respiración y de las posturas buscando un ejercicio de escucha personal que nos permita tanto aprender del arte como cuidar de nuestro interior.

PAULA TOIMIL (Lalín, Pontevedra, 1983) compagina su trabajo de educadora de museos con el de profesora de yoga. Desde 2010 es miembro del Servicio de Educación, Mediación y Atención al Visitante de la Fundación Cidade da Cultura de Galicia, donde ha desarrollado proyectos didácticos para más de veinte exposiciones, así como para la arquitectura y los espacios verdes del Gaiás. Es diplomada en Turismo por la UDC y máster en Educación y Museos por la Universidad de Murcia. En el campo del yoga, se ha

formación nas escolas Almacen de Yoga e Escuela Internacional de Yoga, ambas a dúas avaladas por Yoga Alliance. Imparte esta disciplina en diferentes espazos de Santiago de Compostela e leva practicándoa máis dunha década.

SESIÓNS

Xoves 25 de abril de 18:30 a 20:00 h. Prazo de inscrición: do 15 ao 22 de abril de 2024

Xoves 30 de maio de 18:30 a 20:00 h. Prazo de inscrición: do 20 ao 27 de maio de 2024

Sábado 15 de xuño de 11:00 a 12:30 h. Prazo de inscrición: do 5 ao 10 de xuño de 2024

Martes 18 de xuño de 18:30 a 20:00 h. Prazo de inscrición: do 12 ao 14 de xuño de 2024

Mércores 16 de outubro de 18:30 a 20:00 h. Prazo de inscrición: do 7 ao 14 de outubro de 2024

Sábado 30 de novembro de 11:00 a 12:30 h. Prazo de inscrición: do 21 ao 27 de outubro de 2024

formado en las escuelas Almacen de Yoga y Escuela Internacional de Yoga, ambas avaladas por Yoga Alliance. Imparte esta disciplina en diferentes espacios de Santiago de Compostela y lleva practicándola más de una década.

SESIÓN

Jueves 25 de abril de 18:30 a 20:00 h. Plazo de inscrición: del 15 al 22 de abril de 2024

Jueves 30 de mayo de 18:30 a 20:00 h. Plazo de inscrición: del 20 al 27 de mayo de 2024

Sábado 15 de junio de 11:00 a 12:30 h. Plazo de inscrición: del 5 al 10 de junio de 2024

Martes 18 de junio de 18:30 a 20:00 h. Plazo de inscrición: del 12 al 14 de junio de 2024

Miércoles 16 de octubre de 18:30 a 20:00 h. Prazo de inscrición: del 7 al 14 de octubre de 2024

Sábado 30 de noviembre de 11:00 a 12:30 h. Plazo de inscrición: del 21 al 27 de octubre de 2024

PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas iniciadas no ioga e interesadas no mundo da arte

MATERIAL

As persoas que participen nesta actividade deberán traer a súa esteira, roupa cómoda e unha manta para a relaxación final.

PLAZAS

As prazas dispoñibles poderán variar en función das exposicións que se visiten.

INSCRIPCIÓN

Esta actividade é de balde. As persoas interesadas poden enviar a cgac.educacion@xunta.gal unha mensaxe electrónica. Nela deberán indicar os seguintes datos: nome, apelidos, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto.

Poderase inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude.

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Paula Toimil

COORDINACIÓN: Virginia Villar

PERSONAS DESTINATARIAS

Personas iniciadas en el yoga e interesadas en el mundo del arte

MATERIAL

Las personas que participen en esta actividad deberán traer su estera, ropa cómoda y una manta para la relajación final.

PLAZAS

Las plazas disponibles podrán variar en función de las exposiciones que se visiten.

INSCRIPCIÓN

Esta actividad es gratuita. Las personas interesadas pueden enviar a cgac.educacion@xunta.gal un correo electrónico. En él deberán indicar los siguientes datos: nombre, apellidos, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto.

Se puede inscribir un máximo de dos participantes mediante cada solicitud

REALIZACIÓN DEL PROYECTO: Paula Toimil

COORDINACIÓN: Virginia Villar